


# O ciclo “Ciencia e cañas” de Vigo aborda a flora insular e a acción humana nas Cíes

O profesor da Universidade de Vigo Luis Navarro impartirá unha charla este mércores ás 20.30 horas no mercado do Berbés

Por Redacción (https://www.gciencia.com/author/gciencia/) | 04/09/2018

O **mercado do Berbés**, en Vigo, acolle este **mércores 5** a segunda charla do ciclo “**Ciencia e Cañas**” que aborda, desde unha perspectiva divulgativa, o grande interese científico das Illas Cíes. Nesta ocasión será **Luis Navarro**, profesor do departamento de Ecoloxía e Evolución das Plantas da Universidade de Vigo, o encargado de falar da flora insular das illas e o impacto da acción humana nestes ecosistemas. A charla comezará ás **20.30 horas.**

“A vida nas Illas Cíes está condicionada por interaccións raras e peculiares. É fundamental conservalas para asegurar o funcionamento dos ecosistemas”, explican desde **Cíes Patrimonio**, a entidade que impulsa a candidatura do arquipélago á lista da Unesco, e que está avalada por unha trintena de científicos de diversos eidos. (https://www.gciencia.com/medioambiental/universidades-de-santiago-e-vigo-na-candidatura-das-cies-unesco/)

A CIENCIA DOS ?ORQUÉS
(https://www.gciencia.com/seccion/pontenciencia/)
(http://osporques.gciencia.com/)

PONTENCIENCIA

Proxecto gañador da iniciativa iProx (http://iprox.xornalistas.gal/)

3º Foro da Comunicación de Galicia PREMIO COMUNICACIÓN DIXITAL NO SECTOR XORNALÍSTICO
(https://www.gciencia.com/uncategorized/gciencia-gana-o-premio-de-xornalismo-dixital-do-foro-da-comunicacion-de-galicia/)